

CONVOCATORIA DE AXUDAS A EMPRESAS, AUTÓNOMOS, ASOCIACIÓNS E FUNDACIÓNS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA AS ANUALIDADES 2023 E 2024 (CÓDIGO DE PROCEDIMIENTO MT975R)

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda lanza unha convocatoria de axudas a empresas, autónomos, asociacións e fundacións de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal.

Esta convocatoria é de **carácter bianual**.

As axudas obxecto desta orde estarán cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e se procede a súa convocatoria en réxime de **concorrenza competitiva** por anticipado de gasto para os anos 2022-2023.

LIÑAS SUBVENCIONABLES

a) Liña 1: Proxectos de **nova construción de instalacións** de Preparación para Reutilización (PxR) de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc), **ampliación de instalacións existentes** para incluír liñas de preparación para a reutilización de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc) e **mellora de instalacións existentes de PxR de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc)** coa finalidade de alongar a vida útil dos materiais e obxectos, previndo a xeración de residuos domésticos e a eliminación **para asociacións e fundacións**.

b) Liña 2: Proxectos de **nova construción de instalacións** de Preparación para Reutilización (PxR) para residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc), **ampliación de instalacións existentes** para incluír liñas de preparación para a reutilización de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc) e **mellora de instalacións existentes de PxR de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc)** coa finalidade de alongar a vida útil dos materiais e obxectos,

previndo a xeración de residuos domésticos e a eliminación para **empresas e autónomos**.

c) **Liña 3:** Actuacións destinadas á **implementación de melloras nas instalacións de triaxe e clasificación de envases**. Estas axudas estarán destinadas a maximizar o aproveitamento dos materiais contidos nos residuos de envases lixeiros que se recollan de forma separada e que se traten de en instalacións de separación mecánica, de maneira que poidan contribuír á consecución dos obxectivos comunitarios de preparación para a reutilización e reciclado así como a da redución dos residuos destinados ao seu depósito en vertedoiro para **empresas e autónomos**.

d) **Liña 4:** Actuacións destinadas á **implementación de melloras nas instalacións de tratamento existentes para incrementar a súa eficacia na recuperación de materiais contidos nos residuos municipais que se recollan de forma mesturada** de maneira que poidan contribuír á consecución dos obxectivos comunitarios de preparación para a reutilización e reciclaxe, así como ao de redución dos residuos municipais destinados ao seu depósito en vertedoiro para **empresas e autónomos**.

Unha empresa **non pode concorrer** á convocatoria de maneira simultánea e para a mesma actuación de maneira individual e a través dunha agrupación na que se integre. De darse o caso inadmitirase a solicitude que, de conformidade coa data de presentación, fose posterior no tempo.

Unha empresa **pode concorrer** a distintas liñas subvencionables pero deberá presentar unha solicitude para cada unha das liñas subvencionables, de ser o caso.

BENEFICIARIOS

1. Con carácter xeral, poderán ser beneficiarias destas axudas as pequenas e medianas empresas (pemes) consultar artigo 2.1 das bases reguladoras).

2. Se considerará empresa, aos efectos das presentes bases reguladoras e segundo o artigo 1 do Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, toda entidade, independentemente da súa forma xurídica, que exerza unha actividade económica incluídas as asociacións e fundacións sen ánimo de lucro. Inclúense nesta definición, en particular, os autónomos, comunidades de bens e calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio

separado que, aínda que carecendo de personalidade xurídica, leven a cabo actividade empresarial.

3. Tamén poderán ser beneficiarias agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado (consultar artigo 2.2 das bases reguladoras).

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables ao abeiro desta liña os proxectos **bianuais** que se executen durante as anualidades **2023 e 2024**, e que teñan por obxecto:

Liña 1: Proxectos de nova construción de instalacións de PxR de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc), ampliación de instalacións existentes para incluír liñas de preparación para a reutilización de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc) e mellora de instalacións existentes de PxR de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc) coa finalidade de alongar a vida útil dos materiais e obxectos, previndo a xeración de residuos domésticos e a eliminación **para asociacións e fundacións.**

Estas axudas teñen como fin mellorar a cantidade de residuos preparados para a súa reutilización procedentes de **residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc)**. A este obxecto financiaranse tanto construción de novas instalacións, ampliación de instalacións xa existentes para incluír liñas de preparación para a reutilización así como melloras de instalacións xa existentes de PxR para residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc), dentro do territorio da Comunidade Autónoma

- A construción da instalación dedicada á preparación para a reutilización, incluíndo zona de almacenaxe e superficie destinada á venda dos produtos recuperados. O financiamento limitarase aos conceptos mínimos para un adecuado funcionamento da instalación, e o proxecto cumprirá con todos os requisitos que a normativa sectorial poida impoñer a estas instalacións. Non se inclúen instalacións auxiliares, como oficinas ou almacéns para maquinaria.

- Os elementos de almacenamento adecuado tanto para os residuos recibidos como para os produtos recuperados, como gaiolas, andeis ou armarios.
- A maquinaria e ferramentas necesarias para desenvolver os traballos de preparación para a reutilización. Non se inclúe neste concepto material funxible ou outro tipo de maquinaria e ferramentas que non sexan necesarias para o desenvolvemento da actividade.
- Formación para os traballadores da instalación.
- Campaña de comunicación, unha vez terminada a instalación e dirixida a concienciar á poboación próxima da entrega de residuos para a súa preparación para a reutilización.
- A adquisición de software e hardware para o control e a rastrexabilidade tanto dos residuos recibidos e xerados, como dos produtos recuperados.
- Servizos complementarios á execución da obra, tales como honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

Liña 2: Proxectos de nova construción de instalacións de PxR para residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc), ampliación de instalacións existentes para incluír liñas de preparación para a reutilización de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc) e mellora de instalacións existentes de PxR de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc) coa finalidade de alon-
gar a vida útil dos materiais e obxectos, previndo a xeración de residuos domésticos e a eliminación **para empresas e autónomos.**

Estas axudas teñen como fin mellorar a cantidade de residuos preparados para a súa reutilización procedentes de **residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc)**. A este obxecto financiaranse tanto construción de novas instalacións, ampliación de instalacións xa existentes para incluír liñas de preparación para a reutilización así como melloras de instalacións xa existentes de PxR para residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc) dentro do territorio da Comunidade Autónoma.

- A construción da instalación dedicada á preparación para a reutilización, incluíndo zona de almacenaxe e superficie destinada á venda dos produtos recuperados. O financiamento limitarase aos conceptos mínimos para un adecuado funcionamento da instalación, e o proxecto cumprirá con todos os requisitos que a normativa sectorial poida impoñer a estas instalacións. Non se inclúen instalacións auxiliares, como oficinas ou almacéns para maquinaria.
- Os elementos de almacenamento adecuado tanto para os residuos recibidos como para os produtos recuperados, como gaiolas, andeis ou armarios.
- A maquinaria e ferramentas necesarias para desenvolver os traballos de preparación para a reutilización. Non se inclúe neste concepto material funxible ou outro tipo de maquinaria e ferramentas que non sexan necesarias para o desenvolvemento da actividade.
- Formación para os traballadores da instalación.
- Campaña de comunicación, unha vez terminada a instalación e dirixida a concienciar á poboación próxima da entrega de residuos para a súa preparación para a reutilización.
- A adquisición de software e hardware para o control e a rastrexabilidade tanto dos residuos recibidos e xerados, como dos produtos recuperados.
- Servizos complementarios á execución da obra, tales como honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

Liña 3: Actuacións destinadas á implementación de melloras nas **instalacións de triaxe e clasificación de envases**. Estas axudas estarán destinadas a maximizar o aproveitamento dos materiais contidos nos residuos de envases lixeiros que se recollan de forma separada e que se traten de en instalacións de separación mecánica, de maneira que poidan contribuír á consecución dos obxectivos comunitarios de preparación para a reutilización e reciclado así como a da redución dos residuos destinados ao seu depósito en vertedoiro para **empresas e autónomos**.

Ao abeiro desta liña serán subvencionables as actuacións que se citan a seguir:

- Separadores ópticos

- Separadores balísticos
- Separadores de metais férricos e non férricos (p.e., separadores magnéticos, separadores de correntes de Foucault, etc.)
- Calquera outro método de separación distinto dos enumerados anteriormente que contribúa significativamente a incrementar a eficacia de recuperación de materiais susceptibles de seren reciclados.

Liña 4: Actuacións destinadas á implementación de melloras nas **instalacións de tratamento existentes para incrementar a súa eficacia na recuperación de materiais contidos nos residuos municipais que se recollan de forma mesturada** de maneira que poidan contribuír á consecución dos obxectivos comunitarios de preparación para a reutilización e reciclaxe, así como ao de redución dos residuos municipais destinados ao seu depósito en vertedoiro para **empresas e autónomos**.

Ao abeiro desta liña serán subvencionables as actuacións que se citan a seguir:

- Separadores ópticos
- Separadores balísticos
- Separadores de metais férricos e non férricos (p.e., separadores magnéticos, separadores de correntes de Foucault, etc.)
- Calquera outro método de separación distinto dos enumerados anteriormente que contribúa significativamente a incrementar a eficacia de recuperación de materiais susceptibles de seren reciclados.
- Sistemas de tratamento da fracción orgánica separada da fracción resto para o seu aproveitamento enerxético posterior.

Non será subvencionable, entre outros conceptos:

- O imposto sobre o valor engadido.

CONTÍA E RÉXIME DAS AXUDAS

Liña 1: 90% do custo total do proxecto ata un máximo de **200.000€**.

Liña 2: 60% do custo total do proxecto e un máximo de **200.000€**.

As axudas establecidas nas liñas 1 e 2 están sometidas ao réxime de *minimis* polo que o importe total das axudas de *minimis* concedidas por un Estado membro a unha única empresa non excederá dos **200.000 euros**. Cando se trate de entidades que presten servizos de interese económico xeral, este límite será de **500.000€**.

Liña 3: 40% do custo total do proxecto. A contía máxima da axuda por beneficiario establécese en función das toneladas de residuos de envases lixeiros procedentes de recollida separada tratados pola instalación a razón de **50 €/tonelada**, ata o esgotamento do crédito.

Liña 4: 40% do custo total do proxecto. A contía máxima da axuda por beneficiario establécese en función das toneladas de residuos tratados pola instalación a razón de **2,5 €/tonelada**, ata o esgotamento do crédito.

SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado MT975R accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/portada>.
- O prazo de presentación de solicitudes será **dun mes (1) mes**, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

PRAZO DE EXECUCIÓN E DE XUSTIFICACIÓN DOS PROXECTOS

- O período subvencionable será, con carácter xeral, o comprendido **entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de decembro de 2024, ambos incluídos, para as liñas 1 e 2 e entre a data de solicitude da axuda e o 30 de decembro de 2024 ambos inclusive para as liñas 3 e 4.**
- **Non serán subvencionables** os proxectos concluídos materialmente na data de presentación da solicitude.

- A data límite para xustificar cada anualidade do proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será:

a) o **30 de decembro de 2023** para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade de 2023. Inclúiranse neste orzamento as actuacións executadas entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de decembro de 2023 para as liñas 1 e 2.

b) o **30 de decembro de 2024** para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade 2024.

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Resolución de concesión publicárase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, as resolucións de concesión serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web <https://sirga.xunta.gal/>.

INFORMACIÓN E CONSULTAS

Enderezo para requirir máis información: axudas.cmaot@xunta.gal